

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16435 *Lei orgánica 7/2010, do 27 de outubro, de reforma da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, supuxo no seu momento un fito político e xurídico constituído pola feliz e frutífera conciliación dos principios constitucional e foral. O respecto e amparo polos poderes públicos dos dereitos orixinarios e históricos da Comunidade Foral de Navarra lévase a cabo así non só conforme as históricas leis do 25 de outubro de 1839, de confirmación e modificación de foros, e a paccionada do 16 de agosto de 1841 e disposicións complementarias, senón tamén conforme o mesmo amelloramento e a propia Constitución española de 1978, tal e como sinala o artigo 2 do propio amelloramento.

Respectuoso co pasado histórico e determinante da presente configuración da Comunidade Foral, o Amelloramento do foro revelouuse durante os últimos 28 anos como o instrumento idóneo para organizar a convivencia e potenciar o desenvolvemento de Navarra dentro do Estado das autonomías actualmente existente en España, polo que esta experiencia aconsella que os novos retos con que a Comunidade Foral afronta o actual século sexan abordados a través da mellora e actualización daquel, profundando na experiencia xa acreditada polos seus resultados de liberdade e progreso.

II

A modificación e actualización da Lei orgánica 13/1982 supón a adaptación do texto vixente á nova realidade xurídico-política existente, tras case tres décadas da súa vixencia, nos seguintes aspectos:

A. En primeiro lugar, e en relación coas institucións da Comunidade Foral de Navarra (título I), adécuase a regulación de tres institucións forais de Navarra xa recoñecidas como tales polo artigo 10 do amelloramento (en particular, do Parlamento de Navarra e do presidente do Goberno de Navarra, que pasa a configurarse como presidente da Comunidade Foral), e introdúcese no dito texto unha mención expresa tanto ao Defensor do Pobo de Navarra como ao Consello de Navarra que, polo seu rango, relevancia e funcións, se considera que deben ter cabida nel.

De entre as modificacións operadas no título I merece destacarse a do artigo 30, co obxectivo de romper o límite do transcurso do termo natural da lexislatura para o mandato do novo Parlamento elixido como consecuencia da disolución anticipada do anterior por decisión do presidente da Comunidade Foral de Navarra, aumentándoo ao termo ordinario dunha nova lexislatura completa (catro anos), facultade de disolución anticipada que lle foi atribuída ao presidente pola única reforma operada ata a data no amelloramento (Lei orgánica 1/2001, do 26 de marzo).

B. En canto ás facultades e competencias de Navarra (título II), adécuase a terminoloxía do ano 1982 á actualmente utilizada no ordenamento xurídico vixente, suprímese algunha figura xurídica xa inexistente, introdúcese no amelloramento unha expresa referencia ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra e á Fiscalía Superior da Comunidade Foral de Navarra, dáse un contido substantivo á actuación exterior da Comunidade Foral e ás súas relacións coa Unión Europea e perfílanse mellor as funcións da Xunta de Cooperación.

C. Finalmente, e desde un punto de vista estritamente técnico, derróganse catro disposicións transitorias (primeira, segunda, quinta e sexta), por seren xa cumpridos debidamente os mandatos contidos nelas.

III

O preámbulo da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, establece que é «trazo propio do réxime foral navarro, amparado pola Constitución, que, previamente á decisión das Cortes Xerais, órgano do Estado en que se encarna a soberanía indivisible do pobo español, a representación da Administración do Estado e a da Deputación Foral de Navarra acorden a reforma e modernización do dito réxime. Dada a natureza e o alcance do amelloramento acordado entre ambas as representacións, resulta constitucionalmente necesario que o Goberno, no exercicio da súa iniciativa lexislativa, formalice o pacto con rango e carácter de proxecto de lei orgánica e o remita ás Cortes Xerais para que estas procedan, de ser o caso, á súa incorporación ao ordenamento xurídico español como tal lei orgánica».

Consecuente con eses criterios, recolle no seu artigo 71 a posibilidade da súa propia reforma establecendo o seguinte procedemento: «a) A iniciativa corresponderá á Deputación Foral ou ao Goberno da Nación. b) Tras as correspondentes negociacións, a Deputación Foral e o Goberno formularán, de común acordo, a proposta de reforma, que será sometida á aprobación do Parlamento Foral e das Cortes Xerais, polo mesmo procedemento seguido para a aprobación desta lei orgánica».

Foron observadas escrupulosamente as precedentes previsións legais, tanto polo Goberno de España como polo de Navarra.

En primeiro lugar, a iniciativa de reforma da dita lei orgánica, promovida polo Goberno de Navarra, foi aceptada polo de España, consumándose así o pacto necesario. E, así mesmo, tras ser aprobada a proposta de reforma polo Parlamento de Navarra, verificouse a correspondente tramitación parlamentaria desta lei orgánica ante as Cortes Xerais.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.*

A Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, queda modificada como segue:

Un. A alínea c) do artigo 10 queda redactada do seguinte modo:

«c) O presidente da Comunidade Foral de Navarra.»

Dous. O punto 2 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Parlamento reunirse anualmente en dous períodos de sesións ordinarias, que serán fixados no seu regulamento.»

Tres. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18.

Correspóndelle á Deputación a elaboración dos orzamentos xerais de Navarra e a formalización das contas para a súa presentación ao Parlamento, co fin de que por este sexan debatidos, emendados e, de ser o caso, aprobados, todo iso conforme o que determinen as leis forais. Igualmente a Deputación dará conta da súa actividade económica ao Parlamento de Navarra, para o seu control.»

Catro. Engádesse un novo artigo 18 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 18 bis.

1. En virtude do seu réxime foral, a Cámara de Comptos é o órgano fiscalizador externo da xestión económica e financeira do sector público da Comunidade Foral de Navarra, dos entes locais e do resto do sector público de Navarra.

2. A Cámara de Comptos depende organicamente do Parlamento de Navarra e exerce as súas funcións de acordo coa súa lei foral reguladora.

Previamente ao coñecemento e á aprobación polo Parlamento das contas da Comunidade Foral e do sector público dependente dela, a Cámara de Comptos efectuará o seu exame e censura e emitirá ditame para o Parlamento de Navarra.

Igualmente, informará sobre as contas e a xestión económica das corporacións locais de Navarra e do sector público dependente delas conforme o establecido na súa lei foral reguladora e na Lei foral sobre Administración local.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, a Cámara de Comptos remitirá as súas actuacións ao Tribunal de Contas. O ditame do Tribunal de Contas será enviado co seu respectivo expediente ao Parlamento de Navarra para que este, de ser o caso, adopte as medidas que procedan.

4. Corresponderá ao Tribunal de Contas o axuízamento da responsabilidade contable en que poidan incorrer aqueles que en Navarra teñan ao seu cargo o manexo de capitais ou efectos públicos e, por acción ou omisión contraria á lei, orixinen menoscabo deles.

Se, no exercicio da súa función fiscalizadora, a Cámara de Comptos advertir a existencia de indicios de responsabilidade contable, dará traslado das correspondentes actuacións ao Tribunal de Contas.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 18 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 18 ter.

1. Como órgano dependente do Parlamento de Navarra actuará o Defensor do Pobo de Navarra, ao cal, sen prexuízo da competencia do Defensor do Pobo designado polas Cortes Xerais, corresponderá a función de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución e por esta lei orgánica, no ámbito competencial da Comunidade Foral. Para este efecto poderá supervisar a actividade das administracións públicas de Navarra e deberá dar conta das súas actuacións ao Parlamento.

2. Por lei foral regularanse a elección, atribucións, réxime xurídico e funcionamento do Defensor do Pobo de Navarra.»

Seis. Engádesse un novo artigo 21 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 21 bis.

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno de Navarra poderá ditar disposicións lexislativas provisionais baixo a forma de decretos lei forais. Non poden ser obxecto de decreto lei foral o desenvolvemento directo dos dereitos, deberes e liberdades dos navarros e das institucións da Comunidade Foral regulados nesta lei orgánica, a reforma dela nin das leis forais ditadas no seu desenvolvemento a que se fai mención expresa nela, o réxime electoral nin os orzamentos xerais de Navarra.

2. Os decretos lei forais quedarán derrogados se no prazo improrrogable do trinta días seguintes ao da súa promulgación non fosen validados expresamente polo Parlamento de Navarra despois dun debate e dunha votación de totalidade.

Durante o prazo establecido neste punto, o Parlamento poderá acordar a tramitación dos decretos lei forais como proxectos de lei foral polo procedemento de urxencia.»

Sete. O punto 2 do artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«2. Adoptarán a forma de decreto foral do presidente as disposicións xerais ditadas polo presidente da Comunidade Foral de Navarra, a de decreto foral as ditadas polo Goberno de Navarra e a de ordes forais as ditadas polos seus conselleiros.»

Oito. A alínea b) do artigo 26 queda redactada do seguinte modo:

«b) Formalizar convenios co Estado e coas comunidades autónomas cando supoñan modificación ou derogación dalgunha lei foral ou exixan medidas lexislativas para a súa execución.»

Nove. Engádesse un novo artigo 28 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 28 bis.

1. Baixo a dirección do Goberno de Navarra, a Administración da Comunidade Foral de Navarra serve con obxectividade aos intereses xerais, con sometemento pleno á Constitución, a esta lei orgánica e ao resto do ordenamento xurídico.

2. A Administración da Comunidade Foral de Navarra ten a condición de Administración ordinaria no exercicio das súas competencias e axusta a súa actividade, entre outros, aos principios de eficacia, eficiencia, racionalización, transparencia, boa administración e servizo efectivo aos cidadáns.

3. A Administración da Comunidade Foral de Navarra gozará, no exercicio das súas competencias, das potestades e prerrogativas que o ordenamento xurídico lle recoñece á Administración xeral do Estado.»

Dez. Engádesse un novo artigo 28 ter, co seguinte contido:

«Artigo 28 ter.

1. O Consello de Navarra é o órgano consultivo superior da Comunidade Foral de Navarra e exerce as súas funcións con autonomía orgánica e funcional, en garantía da súa obxectividade e independencia.

2. Por lei foral regularanse a composición, elección, atribucións, réxime xurídico e funcionamento do Consello de Navarra.»

Once. A rúbrica do capítulo IV do título I queda redactada do seguinte modo:

«CAPÍTULO IV

Do presidente da Comunidade Foral de Navarra»

Doce. O artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29.

1. O presidente da Comunidade Foral de Navarra será elixido polo Parlamento, de entre os seus membros, e nomeado polo Rei.

2. O presidente do Parlamento, logo de consulta cos voceiros designados polos partidos ou grupos políticos con representación parlamentaria, propondrá un candidato a presidente da Comunidade Foral de Navarra.

3. O candidato presentará o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido, o candidato deberá, en primeira votación, obter maioría absoluta. De non obtela, procederase a unha segunda votación vinte e catro horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada ao candidato se obtivese maioría simple nesta segunda votación.

No caso de non conseguirse esta maioría, o candidato quedará rexeitado e tramitaranse as sucesivas propostas de candidato na forma prevista anteriormente.

4. Se, transcorrido o prazo de tres meses desde a celebración das eleccións ao Parlamento de Navarra, non se presentase ningún candidato ou ningún dos presentados for elixido, o Parlamento quedará disolto e convocaranse de inmediato novas eleccións. O novo Parlamento que resulte da convocatoria electoral terá un mandato completo por un período de catro anos.»

Trece. O artigo 30 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 30.

1. O presidente da Comunidade Foral de Navarra exerce a súa máis alta representación e a ordinaria do Estado en Navarra.

2. O presidente da Comunidade Foral de Navarra é presidente do Goberno de Navarra ou Deputación Foral. Como tal, designa e separa os deputados forais ou conselleiros, dirixe a acción do Goberno ou Deputación Foral e exerce as demais funcións que se determinen nunha lei foral.

3. O presidente da Comunidade Foral de Navarra, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo de deliberación do Goberno de Navarra ou Deputación Foral, poderá acordar a disolución do Parlamento e convocar novas eleccións, con anticipación ao termo natural da lexislatura.

O presidente non poderá acordar a disolución do Parlamento durante o primeiro período de sesións, nin cando reste menos dun ano para a terminación de lexislatura, nin cando estea en tramitación unha moción de censura, nin cando estea convocado un proceso electoral estatal, nin tampouco antes de que transcorra o prazo dun ano desde a última disolución por este procedemento.

En tal caso, o novo Parlamento que resulte da convocatoria electoral terá un mandato completo por un período de catro anos, sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores deste mesmo artigo.»

Catorce. O artigo 33 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 33.

O presidente da Comunidade Foral de Navarra e os conselleiros ou deputados forais terán dereito a asistir e ser oídos nas sesións do Pleno e das comisións do Parlamento.»

Quince. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34.

1. O presidente da Comunidade Foral de Navarra poderá expor ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa de actuación, na forma que se determine no Regulamento da Cámara. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos parlamentarios forais.

2. Se o Parlamento nega a súa confianza ao presidente da Comunidade Foral, este presentará inmediatamente a súa dimisión, e a continuación procederase á elección dun novo presidente.»

Dezaseis. O artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35.

1. O Parlamento de Navarra poderá exixir a responsabilidade política do Goberno de Navarra mediante a aprobación por maioría absoluta dunha moción de censura.

2. As mocións de censura, que necesariamente deberán incluír a proposta dun candidato ou dunha candidata á Presidencia da Comunidade Foral de Navarra, interporanse e tramitaranse na forma que determine o Regulamento do Parlamento. En todo caso, a moción de censura deberá ser proposta, polo menos, por unha quinta parte do número de membros do Parlamento. Se a moción de censura non for aprobada, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

3. Se o Parlamento aproba a moción de censura á Deputación, o seu presidente presentará inmediatamente a dimisión e procederase a nomear presidente da Comunidade Foral de Navarra o candidato ou a candidata proposto na moción aprobada.»

Dezasete. O punto 18 do artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«18. Desenvolvemento comunitario; políticas de igualdade; política infantil, xuvenil e da terceira idade.»

Dezaioito. O punto 24 do artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«24. Cámaras agrarias e cámaras de comercio e industria, de acordo cos principios básicos da lexislación xeral e sen prexuízo das competencias do Estado en materia de comercio exterior.»

Dezanove. O artigo 52 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 52.

Corresponde ao Goberno de Navarra a competencia para efectuar os nomeamentos dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís que deban prestar servizo en Navarra. O nomeamento farase de conformidade coas leis do Estado. Especificamente para estes efectos valorarase o coñecemento do dereito foral de Navarra, sen que se poida establecer ningunha excepción por razón de natureza ou veciñanza.

Na fixación das demarcacións notariais e das correspondentes aos rexistros da propiedade e mercantís participará o Goberno de Navarra co fin de acomodalas ao establecido no artigo 60.2 desta lei orgánica. Igualmente participará, de acordo co previsto nas leis do Estado, na determinación do número de notarios que deban exercer a súa función en Navarra.»

Vinte. O punto 2 do artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«2. Á fronte do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra está o seu presidente, cuxo nomeamento se axustará ao establecido no artigo 62.1 desta lei orgánica, e será o representante do Poder Xudicial na Comunidade Foral de Navarra. Así mesmo, o fiscal superior da Comunidade Foral de Navarra é o representante do Ministerio Fiscal en Navarra, será designado nos termos previstos no seu estatuto orgánico e terá as funcións establecidas nel. Tanto un coma outro poderán presentar ante o Parlamento de Navarra as respectivas memorias anuais.»

Vinte e un. O artigo 68 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8.

1. A Comunidade Foral de Navarra participará, nos termos que establecen a Constitución, esta lei orgánica e a lexislación do Estado, nos asuntos relacionados coa Unión Europea que afecten as competencias ou os intereses de Navarra.

2. O Goberno de Navarra debe ser informado polo Goberno de España das iniciativas de revisión dos tratados da Unión Europea e dos procesos de subscripción e ratificación subseguintes. Así mesmo, deberá ser informado de forma completa e

actualizada polo Goberno de España sobre as iniciativas e as propostas presentadas ante a Unión Europea. En ambos os casos, poderá o Goberno de Navarra dirixirles ao Goberno de España e ás Cortes Xerais as observacións que xulgue pertinentes para o efecto.

3. A Comunidade Foral de Navarra participa na formación das posicións do Estado ante a Unión Europea, especialmente ante o Consello de Ministros, nos asuntos que incidan nas competencias ou intereses de Navarra, nos termos que establecen esta lei orgánica e a lexislación do Estado sobre esta materia. A posición expresada pola Comunidade Foral é determinante para a formación da posición española se afecta as súas competencias exclusivas e se da proposta ou iniciativas europeas poden derivar consecuencias financeiras ou administrativas de especial relevancia para Navarra; a posición final do Estado deberá motivarse ante a Xunta de Cooperación cando se afaste daquela. Nos demais casos, a dita posición deberá ser oída polo Estado.

4. A Comunidade Foral de Navarra aplica, executa e desenvolve o dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias. A existencia dunha regulación europea non modifica a distribución interna de competencias que establecen a Constitución e esta lei orgánica.

5. O Goberno de Navarra participa nas delegacións españolas ante a Unión Europea que traten asuntos da competencia lexislativa da Comunidade Foral e, especialmente, ante o Consello de Ministros e os órganos consultivos e preparatorios do Consello e da Comisión. A dita participación, cando se refira a competencias exclusivas de Navarra, permitirá, logo de acordo, exercer a representación e a presidencia destes órganos, de conformidade coa normativa aplicable. A Comunidade Foral de Navarra, de acordo co Estado, participa na designación de representantes no marco da súa representación permanente ante a Unión Europea.

6. O Parlamento de Navarra participará nos procedementos de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade que estableza o dereito da Unión Europea en relación coas propostas lexislativas europeas cando afecten competencias da Comunidade Foral.

7. A Comunidade Foral de Navarra ten acceso ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea nos termos que estableza a normativa europea. O Goberno de Navarra pode instar ao Goberno de España a interposición de accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa dos lexítimos intereses e competencias da Comunidade Foral. O Goberno de Navarra colabora na defensa xurídica. A negativa do Goberno de España a exercer as accións solicitadas debe ser motivada e comunicarse inmediatamente ao Goberno de Navarra.»

Vinte e dous. Engádesse un novo artigo 68 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 68 bis.

1. A Comunidade Foral de Navarra impulsará a súa proxección no exterior e promoverá os seus intereses no dito ámbito. Poderá establecer oficinas no exterior, respectando sempre a competencia do Estado en materia de relacións exteriores.

2. A Comunidade Foral de Navarra, de acordo coa lexislación do Estado, será informada previamente da elaboración de tratados e convenios internacionais no que afecten materias da súa competencia e específico interese. Nestes supostos, o Goberno de Navarra poderá dirixir ao Goberno de España as observacións que xulgue pertinentes, así como solicitarlle que nas delegacións negociadoras se integren representantes da Comunidade Foral.

3. O Goberno de Navarra poderá solicitar do Goberno de España a celebración de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para a Comunidade Foral, así como a integración nas conseguíntes delegacións negociadoras de representantes da Comunidade Foral.

4. O Goberno de Navarra adoptará as medidas necesarias para a execución, dentro do seu territorio, dos tratados internacionais e actos normativos das organizacións internacionais no que afecten as materias propias das competencias da Comunidade Foral.

5. No ámbito da cooperación interrexional, a Comunidade Foral de Navarra impulsará a cooperación con outros territorios con que comparta intereses comúns, especialmente con aqueles que sexan fronteirizos con Navarra, cos cales poderá subscribir acordos de colaboración no ámbito das súas competencias.»

Vinte e tres. O artigo 69 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 69.

1. Todas as discrepancias que se susciten entre a Administración do Estado e a Comunidade Foral de Navarra respecto da aplicación e interpretación desta lei orgánica serán expostas e, de ser o caso, resoltas por unha xunta de cooperación integrada por igual número de representantes da Deputación Foral e da Administración do Estado, sen prexuízo da lexislación propia do Tribunal Constitucional e da Administración de xustiza.

2. Igualmente, poderase interpor para a súa resolución ante a Xunta de Cooperación calquera outra discrepancia que xurda entre a Administración do Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

3. Ademais, a Xunta de Cooperación constitúese como o instrumento ordinario e principal de relación entre a Comunidade Foral de Navarra e o Estado, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos concretos de cooperación ou a outros órganos competentes en ámbitos sectoriais, e correspóndelle con carácter preferente o impulso da realización de actuacións e plans conxuntos para o desenvolvemento de políticas comúns e o deseño de mecanismos de colaboración mutua nos distintos ámbitos sectoriais onde conflúa o interese de ambas as administracións.»

Vinte e catro. A alínea b) do punto 2 do artigo 71 queda redactada do seguinte modo:

«b) Tras as correspondentes negociacións, a Deputación Foral e o Goberno de España formularán, de común acordo, a proposta de reforma, que será sometida á aprobación do Parlamento de Navarra e das Cortes Xerais polo mesmo procedemento seguido para a aprobación desta lei orgánica.»

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas as disposicións transitorias primeira, segunda, quinta e sexta da Lei orgánica 13/1982, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de outubro de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO